

ct

Memoria do incendio

de
Vanesa Sotelo

(fragmento)
en galego

1. O DESXEO

Desxeo. Cincocentas flores calcinadas derrétense nunha sala de autopsias. Jan P. e Jan Z. rexorden das súas cinzas húmidas. Jeanne baleira un caldeiro de auga xeada por riba da cabeza. Jeanne procura emisoras nunha radio antiga. “Non espero máis que palabras”... “O matrimonio é un patíbulo”... “Non podo vivir coa xente”... “Medo ante a superioridade”... “Medo e indiferenza”... Clarice realiza unha composición floral ao tempo que dita frases inconexas que Jeanne mecanografa disciplinadamente. “Connoción internacional”... “O observatorio pola paz anuncia novos conflitos armados”... “As folgas continuadas provocan a baixa de trescentos traballadores na capital”... “A organización de países unidos pola paz informa da existencia de 65.000 soldados e 2.500 tanques para intervir ante calquera ameaza”... “Anciáns e nenos cruzan as fronteiras”... “Os soldados teñen ordes de tirar a matar”. Nunha das emisoras sucédense os datos da última invasión. Peter, que até o momento ficou inmóbil, fai enmudecer o aparello.

2. O MÉTODO

PETER

As cousas mortas non florecen.

JAN

Non vas facer que florezan.

JENS

Non van florecer.

JEANNE

Non se trata de que florezan.

CLARICE

Non abandonarás.

JAN

Eu non abandonei.

PETER

Eu non te abandonei.

JENS

Eu non abandonei.

PETER

Semprevivas.

JEANNE

(A Clarice.) Pode coller as miñas flores.

PETER

Semprevivas. Pero mortas.

CLARICE

A miña lóxica non funciona como ti queres.

JAN

Non ten sentido.

PETER

Que sentido ten plantar flores secas?

JENS

Non ten sentido.

CLARICE

Regalas cada día para que revivan.

PETER

Non ten sentido ningún.

CLARICE

Coidalas durante anos até que revivan.

PETER

Están mortas.

CLARICE

Sen abandonar.

PETER

As túas mans seguirán mortas.

JEANNE

Ikebana. Os xaponeses chámano ikebana.

CLARICE

Esa maneira de proceder pode darche resultados extraordinarios.

JEANNE

Facer algo todos os días. Á mesma hora. Facer o mesmo. Á mesma hora. Todos os días.

CLARICE

O mundo tería que cambiar.

JAN

O mundo tería que cambiar.

JENS

O mundo tería que cambiar.

JAN

Eu vou cambiar o mundo.

JENS

Eu vou cambiar o mundo.

PETER

As cousas mortas non poden cambiar.

JEANNE

Seis mil caracteres cada día.

JAN

Un minuto.

JENS

Un minuto e quince segundos.

PETER

Quince minutos.

JEANNE

Tres mil pola mañá e tres mil pola tarde. Seis mil caracteres cada día.

JAN

Cada día poño a man no lume durante un minuto. Resisto. Cada día insisto un pouco máis. Cada día fágome máis resistente.

JEANNE

Seis mil caracteres cada día. Tres mil pola mañá e tres mil pola tarde. Escribo seis mil caracteres cada día.

JENS

Conseguín poñer a man no lume durante un minuto e quince segundos. Resisto. Cada día son un pouco máis resistente ao lume.

JEANNE

Cando comezo a desistir, meto a cabeza nun caldeiro de auga fría.

PETER

Cada día petrificome durante quince minutos. Cando desisto, petrificome.

CLARICE

Unha hora. Cada día leo en voz baixa durante unha hora. A min tamén mo prohibiron.

PETER

Desisto e deixo de existir durante un cuarto de hora.

CLARICE

Calei en alemán, calei en checo, calei en ruso, calei en portugués.

PETER

Afágome a non existir durante quince minutos cada día.

CLARICE

Pero cada día seguín lendo en hebreo durante unha hora, en voz baixa.

PETER

Como se pode calar en tantas linguas?

CLARICE

Eu non me explico.

PETER

Como se pode calar en tantas linguas?

CLARICE

A miña lóxica non funciona como queres. Eu non desisto.